

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014854	CEIP Plurilingüe de Oca	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	5º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

## 1. Introducción

Esta programación didáctica para o curso escolar 2023-2024 está elaborada seguindo a Lei Orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE).

O CEIP de Oca está situado na Rúa Oca de Arriba s/n no Concello de A Estrada, na provincia de Pontevedra.

Recibe tamén alumnado dos lugares próximos á localidade de Oca que poden acudir ao centro en transporte escolar e gozar do comedor escolar.

O nivel socioeconómico das familias varía entre a clases medias e as clases medias-baixas e o idioma empregado na fala é maiormente o galego.

O centro conta con dous grupos de infantil (un de 3 e 5 anos e outro de 4 anos) e catro grupos de primaria (1º-2º, 3º-4º, 5º e 6º).

O cadro de profesores está formado por dúas mestras de infantil, dúas mestras de primaria e os especialistas de inglés, música, educación física, pedagogía terapéutica, relixión e audición e linguaxe (estas tres últimas especialidades con profesorado itinerante). O centro está adscrito ao Departamento de Orientación do Ceip de Bandeira.

As instalacións das que dispón o centro abarcan o edificio principal onde encontramos as aulas; e fóra un patio cuberto, un campo de herba artificial, un campo de fútbol, un aparcamento, xardíns e un pavillón.

No edificio das aulas hai unha planta baixa con sala de profesores, conserxería, dirección, biblioteca, comedor, aseos, unha aula de infantil e unha aula de usos múltiples.

Na primeira planta temos outra aula de infantil, as aulas de primaria, inglés, música, P.T., informática e aseos.

A principal diferenza deste centro, por tanto, é a agrupación dos niveis de 1º- 2º, 3º e 4º nunha mesma aula.

Isto fai que sexa un centro no que tanto alumnado coma profesorado desenvolvan as súas tarefas dunha forma distinta ao habitual sen que esta diferenza sexa nin mellor nin peor que a educación transmitida noutros centros convencionais.

Finalmente engadimos que o noso centro forma parte da Rede de Centros Plurilingües e que contamos coa aportación dunha auxiliar de conversa de nacionalidade filipina dende outubro ata maio (ambos incluídos).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O universo e a Terra		14	9	X		
2	A representación da Terra		14	9	X		
3	O clima no mundo		12	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Clima e paisaxe de España e Galicia		10	8		X	
5	Organización política e territorial de España e Galicia		10	8		X	
6	A poboación en España e Galicia		10	8		X	
7	A Idade Media		10	8			X
8	A Idade Moderna		10	6			X
9	Visita cultural		10	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O universo e a Terra	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica e analiza as características e a organización dos elementos do medio social	PE	40
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utiliza recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura	TI	60
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre o medio social		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- A Terra, o universo e o Sistema Solar. Movementos terrestres e fases lunares.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A representación da Terra	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica e analiza as características e a organización dos elementos do medio social	PE	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre o medio social	TI	60
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca, selecciona e contrasta información de diferentes fontes seguras e fiables		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> <li>- Cartografía, planos, mapas e planisferios. Escalas e símbolos convencionais de mapas, elaboración de itinerarios.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O clima no mundo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas sobre o medio social	TI	100
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realiza experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.</li> <li>- Terminoloxía propia da área e vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da constancia e do sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. A aula virtual.</li> <li>- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Clima e paisaxe de España e Galicia	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica e analiza as características e a organización dos elementos do medio social	PE	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Promove estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto as persoas e ao planeta	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O clima e o planeta. Tipos de clima en Galicia e en España. Elementos e factores climáticos.</li> <li>- O cambio climático do local ao global: causas e consecuencias. Medidas de mitigación e adaptación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Organización política e territorial de España e Galicia	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Explica o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas e do Estado español	PE	60
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analiza os procesos xeográficos e históricos que conformaron a sociedade actual	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> <li>- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.</li> <li>- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, provincial e autonómica en Galicia. Sistemas de representación e de participación política.</li> <li>- A memoria democrática. Análise multicausal do proceso de construción da democracia en España.</li> <li>- Galicia. Principais institucións, valores e funcións.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	A poboación en España e Galicia	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Establece conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio social	PE	40
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participa con actitude emprendedora na procura de propostas para afrontar problemas ecosociais	TI	60
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Analiza os procesos xeográficos e históricos que conformaron a sociedade actual		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O desenvolvemento sustentable. A actividade humana sobre o espazo e a explotación dos recursos. A actividade económica e a distribución da riqueza: desigualdade social e rexional no mundo e en España. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.</li> <li>- Estilos de vida sustentable: os límites do planeta e o esgotamento de recursos.</li> <li>- Migracións e diversidade cultural. As principais variables demográficas e a súa representación gráfica. Os comportamentos da poboación e a súa evolución. Os movementos migratorios e a apreciación da diversidade cultural. Contraste entre zonas urbanas e de</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A Idade Media	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñece persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade	PE	40
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promove actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas	TI	60
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analiza relacións de causalidade e simultaneidade entre diferentes elementos do medio social desde a Idade Media ata a actualidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> <li>- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.</li> <li>- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).</li> <li>- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A Idade Moderna	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñece persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade	PE	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Resolve de forma pacífica e dialogada os conflitos promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva	TI	60
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analiza relacións de causalidade e simultaneidade entre diferentes elementos do medio social desde a Idade Media ata a actualidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país: diversidade cultural e lingüística de Galicia.</li> <li>- A cultura de paz e non violencia. O pensamento crítico como ferramenta para a análise dos conflitos de intereses. O recoñecemento das vítimas da violencia.</li> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).</li> <li>- O tempo histórico na Idade Moderna: os descubrimentos, o Renacemento e o Barroco, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.</li> <li>- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en Galicia e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.</li> <li>- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Visita cultural	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Valora, protexe e mostra actitudes de conservación e mellora do patrimonio cultural	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais).</li> </ul>

## Contidos

- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente programación remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

Debemos ter en conta o desenvolvemento de propostas didácticas integradas, activas, contextualizadas, cunha finalidade e funcionalidade clara, planificadas con rigor, que impliquen e posibiliten a activación da variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento de todas as competencias ao longo de toda a etapa. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes.

Será fundamental nesta área o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partírase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional.

Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outras máis complexas.

Presentaranse propostas de traballo individual e de equipo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado, e buscaranse estratexias que activen ao alumnado, que promovan a curiosidade e a motivación neste, de cara á investigación e á resolución de problemas.

Fomentárase un enfoque global e interdisciplinar dada a existencia de contidos compartidos entre distintas áreas o que implicará a correspondente coordinación co profesorado doutras materias.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador con diferentes aplicacións e programas de software libre
Altosfalantes
Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA)
Libreta do alumnado: tamaño A4
Estoxos, bolígrafos, lapis, ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamentos e tesoiras
Outros recursos de aula: manuais, dicionarios, folios, cartolinas, pegatinas, mapas, pósters, CDs, DVDs, dados, xogos de mesa, globo terráqueo, etc.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira semana de curso realizamos unha proba escrita para comprobar o que recordan do curso anterior e tamén facemos diálogos comentando as respostas da proba escrita para recordar exemplos ou anécdotas de cursos pasados xa que o docente nesta materia segue a ser o mesmo.

Ademais observamos aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc., para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo do grupo, en xeral, e do alumnado en particular.

En función dos resultados fanse os axustes necesarios na propia programación antes de finalizala.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	40	0	60	60	40	40	40	0	<b>35</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	60	100	40	40	60	60	60	100	<b>65</b>

### Criterios de cualificación:

Para obter as cualificacións trimestrais sumaremos as porcentaxes obtidas en probas orais e escritas (60%) ; elaboración das tarefas encomendadas (20%); presentación e organización dos traballos (10%); actitude, autonomía, interese, esforzo, respecto e participación (10%).

A nota final (avaliación ordinaria) calcularase facendo a media aritmética da 1ª, 2ª e 3ª avaliación do curso académico.

### Criterios de recuperación:

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Son medidas ordinarias todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Son medidas extraordinarias todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, providións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo, ou por condicións

persoais ou de historia escolar.

Estas medidas extraordinarias poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario ou cambios no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Neste grupo-clase de Primaria as medidas ordinarias de atención á diversidade son as seguintes:

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras medidas que promoven a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación

En relación ás medidas extraordinarias consideramos que a comunicación coa titoría nos facilita o desenvolvemento das tarefas co alumnado que precise destas medidas e ante as posibles dificultades que poidan xurdir solicitaremos o asesoramento, tanto do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe como da persoa responsable do Equipo de Orientación do centro.

Consideramos que unha grande parte do avance ou da superación das dificultades ás que se enfrenta o alumnado con necesidades específicas se debe a unha boa comunicación e coordinación entre o profesorado titor e o profesorado especialista.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X

	UD 9
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X
ET.9 - Educación para a saúde	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Vinculación co proxecto da biblioteca do centro sobre "A Volta ao Mundo"	Traballaremos coordinadamente co titor deste curso para realizar tarefas relacionadas co proxecto de centro sobre "A volta ao mundo" e aportar información científica ao mesmo. Tamén faremos mención á volta ao mundo naquelas actividades orais nas que poidamos poñer algún exemplo de feito científico importante realizado nalgún dos países por onde transcorreu dita ruta marítima.	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado e, en función del, adapto o proceso de ensino-aprendizaxe

Metodoloxía empregada
Manteño o interese do alumnado
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas
Lévase rexistro da observación sistemática
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Usáronse distintos instrumentos de avaliación
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia
Aportouse información ao persoal docente titor

#### **Descrición:**

A relación de ítems do apartado anterior será avaliada ao final de curso e asignaremos un número enteiro entre o 1 e o 4 para cada ítem coas seguintes equivalencias:

- 1: Poucas veces
- 2: Frecuentemente
- 3: Case sempre
- 4: Sempre

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento e a avaliación desta programación didáctica centraranse principalmente en saber se o número de unidades didácticas debe cambiar, se as sesións das unidades didácticas foron as previstas, coñecer se o nivel dos mínimos de consecución pode variar, se algún criterio de avaliación debería pertencer a outras unidades didácticas, se as medidas de atención á diversidade foron suficientes ou se hai que modificar o instrumento de avaliación dalgún criterio de avaliación.

A partir das conclusións elaboraranse unhas propostas de mellora que se terán en conta para a redacción da programación do seguinte curso académico.

## **9. Outros apartados**